



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA " REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI".**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás trece horas do día 22 de outubro de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D<sup>a</sup> Irene Suárez López e o arquitecto municipal D. Javier Antoñon Clemente. Asiste como secretaria da mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez.

Non asiste o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez.

Acto seguido, pola Secretaria dase conta do informe emitido polo arquitecto técnico municipal, que se transcribe literal a continuación:

"**JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ**, arquitecto técnico do Concello de Tui a petición do Departamento de Contratación do Excmo. Concello de Tui para que emita INFORME TÉCNICO sobre a xustificación de baixa desproporcionada de tres empresas que se presentaron ao concurso do proxecto de REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI convocado polo Concello de Tui, emito o seguinte:

**INFORME TÉCNICO**

**1.- ANTECEDENTES**

- Con data 3 de outubro de 2014 constitúese a mesa de contratación da obra " REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI" para realizar a apertura da proposición económica. Preséntanse un total de 24 empresas, Despois de proceder á análise das ofertas económicas solicítaselle a tres empresas xustificación da viabilidade das propostas económicas no tocante a axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, co obxecto de determinar se as súas ofertas presentadas poden ser desproporcionadas ou anormais.

- As devanditas empresas presentan xustificación das súas ofertas, que se me achegan o 16 de outubro de 2014.

**2.- ANÁLISIS DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS**

**2.1.- XUSTIFICACIÓN DE "CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ, SL" (R.E 8401 DE 11/10/2014)**

Preséntase nun apartado baixo o título JUSTIFICACIÓN DE BAJA os custos reais da empresa para cada partida e o aforro que se consegue en cada partida, pero non se presentan prezos unitarios, nin se detallan os prezos descompostos.

- Nas partidas de demolicións indícanse os custos reais de cada partida, pero nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.

- Na partida 1.2.1 non se especifica nin a cantidade de formigón empregado nin o prezo unitario do mesmo. No custo da man de obra nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.

- Na partida 1.2.2 na escavación non se indican os rendementos da maquinaria nin os prezos unitarios de dita maquinaria. No custo da area non se indican os rendementos nin os prezos unitarios da mesma. No custo da man de obra nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios. No custo do recheo non se indican os rendementos nin os prezos unitarios do mesmo.

- Na partida 1.4.1 non se indican os rendementos nin prezos unitarios do ladrillo, nin da man de obra, nin do morteiro.

- Na partida 1.4.2 non se indican os rendementos nin prezos unitarios do material, nin do enfoscado, nin do morteiro, nin da man de obra.

- Na partida 1.4.3 non se indican os rendementos nin prezos unitarios.

- No Capítulo 1.6 Sanitarios non se indican nin prezos unitarios dos aparatos sanitarios nin man de obra para a súa instalación.

- Na partida 1.8.2 non se indica man de obra para a instalación dos fregadeiros.

- No Capítulo 1.9 Acabados y varios indícanse prezos de cada partida, pero nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.

- No Capítulo 1.10 Control de Calidade e Seguridade e Saúde non se indican ni as partidas que compoñen estes apartados nin os prezos unitarios dos mesmos

- Non se indican nin os medios auxiliares ni técnicos que se utilizarán durante a execución da obra.
- Non se explica en base a que se destina a cantidade que se indica para pequenas desviaciónes.

Preséntase nun apartado baixo o título OFERTAS DE SUBCONTRATAS E PROVEEDORES entre outras as seguintes ofertas

- INGELETOR

Presenta unha oferta para a instalación de alumbrado-fuerza que contén a seguinte nota "Dicho estudio es orientativo, por falta de Documentación gráfica"

- PAVIMENTACIONES MALCA

Presenta una oferta para un pavimento continuo de cuarzo en color por un prezo de 3,00 €/m2. No apartado de XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA OFERTA PRESENTADA di que "el coste real para la empresa es de 2,75 €/m2, executado por la subcontrata Pavimentos Malca".

- NON se presentan ofertas de subministración de materiais (area, bloque split, formigón, ladrillos ...)

Preséntase nun apartado baixo o título COMPROMISOS DE COLABORACIÓN compromisos entre outras das seguintes ofertas

- ALUMINIOS SOBRAL

Indicase "esta empresa se compromete a efectuar los trabajos de CARPINTERÍA DE ALUMINIO contemplados en proyecto siempre y cuando ambas partes lleguen a un acuerdo sobre las condiciones de ejecución de dichos trabajos"

- J.S.O. Cerrajería

Indicase "Dichos suministros se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- INGELETOR

Indicase "esta empresa se compromete a efectuar los trabajos de ELECTRICIDAD E ILUMINACIÓN contemplados en proyecto siempre y cuando ambas partes lleguen a un acuerdo sobre las condiciones de ejecución de dichos trabajos"

- PAVIMENTACIONES MALCA

Indicase "Dichos trabajos se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- TUBOS IGLESIAS

Indicase "Dichos suministros se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- NON hai un compromiso firme de executar a partidas correspondentes da obra, están condicionados a un acordo previo.

Preséntanse dous apartados mais. CERTIFICADO DE SOLVENCIA FINANCIERA e CUENTA DE PYG Y BALANCE DE SITUACIÓN AÑO 2013. Non son analizados neste informe

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifican suficientemente a oferta económica presentada,
- as ofertas das subcontratas e provedores son escasas e non abarcan a totalidade de subministrados da obra.
- os compromisos de colaboración presentados non son firmes

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ, SL"**

## **2.2.- XUSTIFICACIÓN DE "UTE CONSTRUCCIONES CASTRO SLU – ALTRASAN SL" (R.E 8337 DE 10/10/2014)**

No apartado 4. JUSTIFICACIÓN DE LA OFERTA ECONÓMICA PRESENTADA indicase

- "... Por las razones expresadas en el parrafo anterior ... se consigue una estabilidad de precios de suministro, afianzándose la optimización de productos en relación calidad/precio ...". No se xustifica un abaratamento dos prezos en relación a outras empresas (entendo que poden obter as mesmas condicións)

No apartado ANEXO III: JUSTIFICACIÓN DE PRECIOS indicase os PREZOS DESCOMPOSTOS

- Obsérvase que os prezos detallados de man de obra están, na maioría dos casos, mais un 30% por debaixo das táboas salariais do Convenio Colectivo da Construción de Pontevedra.
- Non se presentan ningún tipo de ofertas de provedores, nin compromisos de colaboración que xustifiquen os prezos empregados nos descompostos para subministro de materiais.
- No prezo de "Oficial 1ª Fontanero/Calefactor" empréganse tres importes distintos en tres partidas diferentes 15,00 €/h, 15,49 €/h e 10,94 €/h.



- Na partida de control de calidade non se indican os prezos unitarios dos ensaios previstos.
- Na partida de Seguridade e Saúde non se indican os prezos unitarios dos medios previstos. O importe previsto e de 876,19 €. No proxecto figura unha cantidade de 1.374,92 €. Segundo o artigo 7.1 do Real Decreto 1627/1997 *“En aplicación del estudio de seguridad y salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridad y salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra. En dicho plan se incluirán, en su caso, las propuestas de medidas alternativas de prevención que el contratista proponga con la correspondiente justificación técnica, que no podrán implicar disminución de los niveles de protección previstos en el estudio o estudio básico.”* O contratista poderá propor medidas alternativas pero deberase xustificar que non implican diminución dos niveis de protección previstos no estudio o estudio básico.

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifican suficientemente a oferta económica presentada,
- non se presentan ofertas de provedores nin compromisos de colaboración.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de “UTE CONSTRUCCIONES CASTRO SLU – ALTRASAN SL”**

### **2.3.- XUSTIFICACIÓN DE “CONSTRUCCIONES OREGA, SL” (R.E 8402 DE 11/10/2014)**

Preséntase nun apartado baixo o título JUSTIFICACIÓN DE BAJA os custos reais da empresa para cada partida e o aforro que se consegue en cada partida, pero non se presentan prezos unitarios, nin se detallan os prezos descompostos.

- Nas partidas de demolicións indicanse os custos reais de cada partida, pero nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.
- Na partida 1.2.1 non se especifica nin a cantidade de formigón empregado nin o prezo unitario do mesmo. No custo da man de obra nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.
- Na partida 1.2.2 na escavación non se indican os rendementos da maquinaria nin os prezos unitarios de dita maquinaria. No custo da area non se indican os rendementos nin os prezos unitarios da mesma. No custo da man de obra nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios. No custo do recheo non se indican os rendementos nin os prezos unitarios do mesmo.
- Na partida 1.4.1 non se indican os rendementos nin prezos unitarios do ladrillo, nin da man de obra, nin do morteiro.
- Na partida 1.4.2 non se indican os rendementos nin prezos unitarios do material, nin do enfoscado, nin do morteiro, nin da man de obra.
- Na partida 1.4.3 non se indican os rendementos nin prezos unitarios.
- No Capítulo 1.6 Sanitarios non se indican nin prezos unitarios dos aparatos sanitarios nin man de obra para a súa instalación.
- Na partida 1.8.2 non se indica man de obra para a instalación dos fregadeiros.
- No Capítulo 1.9 Acabados y varios indicanse prezos de cada partida, pero nin se indican os rendementos nin os prezos unitarios por hora dos operarios.
- No Capítulo 1.10 Control de Calidade e Seguridade e Saúde non se indican ni as partidas que compoñen estes apartados nin os prezos unitarios dos mesmos
- Non se indican nin os medios auxiliares ni técnicos que se utilizarán durante a execución da obra.
- Non se explica en base a que se destina a cantidade que se indica para pequenas desviacións.

Preséntase nun apartado baixo o título OFERTAS DE SUBCONTRATAS E PROVEEDORES entre outras as seguintes ofertas

- INGELETOR

Presenta unha oferta para a instalación de alumbrado-fuerza que contén a seguinte nota “Dicho estudio es orientativo, por falta de Documentación gráfica”

- PAVIMENTACIONES MALCA

Presenta una oferta para un pavimento continuo de cuarzo en color por un precio de 3,00 €/m2. No apartado de XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA OFERTA PRESENTADA dise que “el coste real para la empresa es de 2,75 €/m2, ejecutado por la subcontrata Pavimentos Malca”.

- NON se presentan ofertas de subministración de materiais (area, bloque split, formigón, ladrillos ...)

Preséntase nun apartado baixo o título COMPROMISOS DE COLABORACIÓN entre outras das seguintes ofertas

- ALUMINIOS SOBRAL

Indicase "esta empresa se compromete a efectuar los trabajos de CARPINTERÍA DE ALUMINIO contemplados en proyecto siempre y cuando ambas partes lleguen a un acuerdo sobre las condiciones de ejecución de dichos trabajos"

- J.S.O. Cerrajería

Indicase "Dichos suministros se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- INGELETOR

Indicase "esta empresa se compromete a efectuar los trabajos de ELECTRICIDAD E ILUMINACIÓN contemplados en proyecto siempre y cuando ambas partes lleguen a un acuerdo sobre las condiciones de ejecución de dichos trabajos"

- PAVIMENTACIONES MALCA

Indicase "Dichos trabajos se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- TUBOS IGLESIAS

Indicase "Dichos suministros se realizarán según las especificaciones del Proyecto, previo acuerdo de condiciones y precios con la empresa adjudicataria de las obras"

- NON hai un compromiso firme de executar a partidas correspondentes da obra, están condicionados a un acordo previo.

Preséntanse dous apartados mais. CERTIFICADO DE SOLVENCIA FINANCIERA e CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS Y BALANCE DE SITUACIÓN AÑO 2013. Non son analizados neste informe

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifican suficientemente a oferta económica presentada,
- as ofertas das subcontratas e provedores son escasas e non abarcan a totalidade de subministros da obra.
- os compromisos de colaboración presentados nos son firmes

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "CONSTRUCCIONES OREGA, SL"**

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

Tui, 20 de outubro de 2014."

Á vista do informado polo técnico municipal, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1- Non admitir á licitación as propostas económicas consideradas como "anormais ou desproporcionais" das empresas " **Construcciones Delfin Ferreiro Rodríguez, S.L.**", "UTE Construcciones Castro S.L.U - **Altrasan, S.L.**" e "**Construcciones Orega, S.L.**" dado que non se xustifica a súa viabilidade.

2.- De conformidade coas propostas económicas admitidas á licitación, apertura realizada en acto público o día 3 de outubro 2014, outorgar as seguintes puntuacións:

EMPRESA	Proposición Económica, IVE incluído	Puntuación
1.- Aberman Empresa Constructora, S.L.	154.799,41	8,60
3.- Elecnor Infraestructuras	154.515,03	8,65
4.- Construcciones Fechi, S.L.	174.875,52	4,56
5.- Construcciones Abal, S.A.	191.999,57	1,12
6.- Desmaco, S.L.	161.675,87	7,21
<b>7.- Plaintec Obras y Servicios, S.L.</b>	<b>147.822,73</b>	<b>10,00</b>
8.- Construcciones Seovi, S.L.	169.370,96	5,67
9.- Civis Global, S.L.	162.806,77	6,99
10.-Servicon Saneamento e Obras, S.L.	181.791,49	3,17
11.-SYR-AMG, S.L.	156.004,67	8,35
12.- Emergis Construcción, S.L.	164.995,54	6,55



EMPRESA	Proposición Económica, IVE incluído	Puntuación
13.- Sergonsa Servicios, S.L.	149.124,03	9,74
14.- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.	153.633,57	8,83
15.- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	156.992,76	8,15
16.- Narom, S.L.	183.451,33	2,84
17.- Construcciones Vale, S.L.	179.993,24	3,54
18.- Decoraciones J. Bello, S.L.	163.750,66	6,80
19.- Arias Hermanos Construcciones, S.A.	155.393,35	8,48
22.- Construcciones Obras y Servicios, S.L.	158.553,74	7,84
23.- CYS Hispania, S.L.	156.348,26	8,29
24.- Hordescon, S.L.	167.267,93	6,09

Por orde de puntuación quedarían:

Empresa	Posición
Plaintec Obras y Servicios, S.L.	1º
Sergonsa Servicios, S.L.	2º
Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.	3º
Elecnor Infraestructuras	4º
Aberman Empresa Constructora, S.L.	5º
Arias Hermanos Construcciones, S.A.	6º
SYR-AMG, S.L.	7º
CYS Hispania, S.L.	8º
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	9º
Construcciones Obras y Servicios, S.L.	10º
Desmaco, S.L.	11º
Civis Global, S.L.	12º
Decoraciones J. Bello, S.L.	13º
Emergis Construcción, S.L.	14º
Hordescon, S.L.	15º
Construcciones Seovi, S.L.	16º
Construcciones Fechi, S.L.	17º
Construcciones Vale, S.L.	18º
Servicon Saneamento e Obras, S.L.	19º
Narom, S.L.	20º
Construcciones Abal, S.A.	21º

3.- Á vista das puntuacións outorgadas a Mesa de Contratación acorda proporner á empresa **"Plaintec Obras y Servicios, S.L."**, CIF B36533776, con enderezo en Parque Empresarial de Areas, Parcela nº 24, 36700 Tui, como oferta económica máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

Rematado o acto se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.  
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. María Jesús Blanco Martínez.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo. Javier Antoñon Clemente.